



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

JOAQUÍN RODRÍGUEZ-TOUBES MUÑIZ, SECRETARIO XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación do acta correspondente, que o Consello de Goberno da universidade, na súa sesión do día 23 de setembro de 2003, tomou os seguintes acordos:

a) Licenciatura en Xornalismo :

1.- Modifica-lo nome da disciplina Lingua Galega Oral, que de acordo cos novos planos de estudos de Licenciado en Xornalismo e de Comunicación Audiovisual pasa a denominarse Lingua Galega/Española podendo os alumnos cursar calquera das dúas linguas.

2.- Modificar o complemento de formación Técnicas de Comunicación Audiovisual que de acordo co novo plano de estudos pasa a denominarse Métodos de Investigación que se corresponde con unha das dúas disciplinas na que se organiza a materia troncal Teoría da Comunicación e Teoría de Información e que se incluírá na troncal do primeiro ciclo "Métodos de Investigación "

2.- Os complementos de formación quedarán do seguinte xeito:

<i>Lingua Española/Lingua Galega</i>	<i>8 créditos (a elixir unha)</i>
<i>Métodos de Investigación</i>	<i>5 créditos</i>
<i>Comunicación e Información Escrita</i>	<i>12 créditos</i>
<i>Teorías da Comunicación</i>	<i>5 créditos</i>

Os Complementos de formación incluíranse, a efectos de docencia, nas materias troncais que os sustentan agás a Lingua Española/Galega que quedan incluídas nas materias troncais de Comunicación Audiovisual.

3.- Os alumnos que superaron as materias de complementos de Formación modificados polo presente acordo: *Lingua Galega Oral e Técnicas de Comunicación Audiovisual* terán superados os novos complementos de formación: *Lingua Galega e Métodos de Investigación*. No caso de terse matriculado desta materias e non as ter superado poderán optar por matricular as novas disciplinas ou continuar a facer estas disciplinas, sen dereito a docencia.

b) Licenciatura en Comunicación Audiovisual

1.- Deberán realizarse os seguintes complementos de formación :

<i>Lingua Española/Galega</i>	<i>8 créditos (a elixir unha)</i>
<i>Teorías da Comunicación e teoría da Información</i>	<i>10 créditos</i>
<i>Comunicación e Información Audiovisual</i>	<i>12 créditos</i>

Estes complementos quedan incluídos, a efectos de docencia, nas materias troncais do primeiro ciclo dos que proceden.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela a tres de outubro de dous mil tres. Có Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

O RECTOR

Senén Barro Amenciro

